

PLAN DE TRABAJO 2023/2024

6º E.I GRUPOS A/B

Este plan de trabajo corresponde ao curso 2023/2024 e está configurado en base ao currículo de establecido no Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

O eixo do plan de trabajo é a concepción que temos do alumnado partindo das seguintes premisas:

- Concibímoloo como un **ser global** e, polo tanto, interéсанos o desenvolvemento da súa personalidade, das súas relacións sociais e das aprendizaxes máis significativos de cada área. A nosa meta é o **DESENVOLVEMENTO GLOBAL E ARMÓNICO** de cada neno/a, e por iso a nosa programación fará referencia ás tres áreas de desenvolvemento:
 1. Comunicación e Representación da Realidade.
 2. Crecemento en Harmonía.
 3. Descubrimento e Exploración da Contorna.
- Cada un/unha parte do seu **propio esquema conceptual e emocional**, é dicir, ten coñecementos da realidade previos á súa experiencia escolar, vencellados ás súas vivencias persoais, e polo tanto diferentes e únicos, coma o seu propio potencial.
- Un aspecto que teñen en común todos os/as nenos/as é o seu **interese polo xogo**. Xogando imitan o mundo do adulto e a través desta imitación aprenden.
- Cada neno/a ten o seu propio ritmo e o seu estilo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe, coas súas necesidades, características persoais, afectividade, intereses e estilo cognitivo que se deben respectar.

Unidos á concepción do/a alumno/a están os nosos principios metodolóxicos que guiarán o noso quefacer diario:

- **Individualización:** posibilitando a cada alumno/a traballar ó seu propio nivel e ritmo, dende as súas capacidades e dende a situación na que se atopa.
- **Socialización:** a interacción cos demais fainos avanzar, modificar os nosos esquemas, por iso todas as actividades expostas son contextos sociais.

- **Actividade:** pretendendo propiciar que teñan unha mente activa, experta, con iniciativa e curiosidade... "Todo o que o/a alumno/a...poida facer por si mesmo que non o faga a mestra".
- **Creatividade:** tentaremos fomentala en todos os campos, para que cada alumno/a saque o que leva dentro e sexa consciente da súa peculiaridade.
- **Liberdade:** inculcando respecto cara o dereito que cada un/unha ten a elixir, pensar e manifestarse como é, sen invadir o dereito dos/as demais.
- **Normalización:** Tentaremos que o/a neno/a capte o espazo que o rodea e a súa contorna, sabendo desenvolverse neles.

Para conseguir todo isto seguiremos a traballar nos nosos **RECANTOS** ou espazos vivenciais delimitados en distintas zonas na aula na que os/as nenos/as traballarán de forma simultánea en pequenos agrupamentos. Tódolos traballos programados nos recantos serán a través de actividades -xogo, propostas vitais onde as materias se interrelacionan. As propostas serán de carácter funcional e cada unha terá o seu método de traballo, que indica ó alumnado o xeito de levar a cabo o traballo. Realizaranse tamén **OBRADOIROS** que consisten na realización de pequenos desafíos que potencian a investigación-acción e onde se traballarán aspectos relacionados coas tres áreas curriculares.

UN DÍA NAS NOSAS AULAS TERÁ AS SEGUINTE RUTINAS

Cabe sinalar que as rutinas neste curso académico 2023/2024 realizaranse tendo presente a nova normativa.

- **Rutinas de entrada:** Cambio de calzado para estar cómodos na aula, buscar o día na axenda, colocar as pertenzas e sentarse na asemblea.
- **Asemblea:** tempo de conversa e diálogos espontáneos tendo en conta as normas que rexen os intercambios lingüísticos, xogos de estimulación da linguaxe, tempo para organizar as actividades do día; tempo para adquirir normas e hábitos de convivencia e resolución de conflitos; tempo para a realización de problemas graduados para o tratamento de cálculos globais; actividades de estimulación da lectoescritura, entre outros.
- **Recantos:** traballamos autonomamente con diferentes propostas para os recantos e actividades relacionadas cos proxectos que xurden na aula.
- **Obradoiros:** propostas recollidas no noso libro de desafíos de Tarrío.
- **Aseo:** lavamos mans, cambio de calzado.
- **Merenda/ Recreo.**
- **Aseo:** lavamos mans, cambio de calzado.
- **Pequeno momento de relaxación para a volta a actividade.**

- **PLSS** ou lectura do conto con actividades orais e/ou dixitais.
- **Xogos en recantos e outras experiencias.** Actividades potenciadoras da competencia dixital (CD) con tablets ou EDI (Encerado Dixital Interactivo).
- **Asemblea final**, recordar o traballado, o vivido ao longo da xornada, o que imos facer mañá, resolución de conflitos.
- **Aseo:** lavamos mans, cambio de calzado.
- **Comedor / Casa**

AVALIACIÓN

Na avaliación teremos en conta, mais co resultado final, os procesos que emprega cada alumno/a. Será unha avaliación cualitativa que reflicta como vai desenvolvendo o alumnado as súas capacidades.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O método empregado para a avaliación do/a alumno/a será a observación directa e sistemática en diferentes momentos da xornada para avaliar as súas estratexias e o seguimento da súa evolución, a interacción, o xogo, grado de autonomía, o apego, a autoestima...Empregaremos, rexistros de información a partir de observación directa , e producións feitas polo alumnado. Tamén a información extraída das familias nas titorías e dos/as outros/as mestres/as que participan da vida da aula.

COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

O propósito desta área é promover nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coas demais persoas.

Aínda que se lle dará un carácter prioritario á linguaxe verbal nas dúas linguas cooficiais, tamén se continuará promovendo a aproximación á linguaxe escrita e á literatura infantil. Ademais, tamén se incidirá no achegamento ás diferentes linguaxes artísticas: musical, plástica e corporal e; continuarase o proceso de alfabetización dixital.

COMPETENCIAS	CONTIDOS	MATERIAIS
<p>Competencia en comunicación lingüística, Competencia plurilingüe, Competencia dixital, Competencia persoal, social e de aprender a aprender</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Traballaremos a linguaxe verbal atendendo a tódalas súas dimensións (vocabulario, fluidez, expresión, entoación, adecuación, estruturas ...). ● Seguiremos a traballar a comprensión de mensaxes e instrucións. ● Continuaremos co achegamento á lingua escrita. Traballaremos a comprensión escrita e a comprensión lectora con textos significativos e funcionais, involucrando aos nenos/as na escritura e na lectura de textos dende a necesidade destes aprendizaxes para o noso día a día . ● Traballaremos a produción de textos escritos respectando as características e etapas nas que se a topan todos/as e ca da un dos/as nosos/as alumnos/as . ● Seguiremos gozando da lectura de textos tanto por parte do adulto como por parte dos nenos e nenas . ● Traballaremos a expresión plástica ,con tódolos recursos que temos ao noso alcance, para potenciar a creatividade facendo fincapé no respecto das producións propias e alleas . ● Continuaremos á aproximación no uso e manexo das novas tecnoloxías (tablets, EDI). ● Gozaremos da nosa biblioteca de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Contos. ● Libros feitos na escola asociados ó día a día dos/as nenos/as ou dos proxectos . ● Revistas , Xornais e Folletos de propaganda . ● Libreta persoal de escritura . ● Letras móbiles e letras en todo tipo de formato . ● Tarxetas para traballar vocabulario, lectura ou escritura. ● Ecerado dixital con xogos e programas que consoliden as nosas aprendizaxes. ● Textos varios: poesías, trabalinguas... ● Libreta persoal. ● Curtametraxes .

CRECEMENTO EN HARMONÍA

O propósito desta área é promover o coñecemento do propio proceso de construción persoal, permanente e continuo das persoas que involucra diversas dimensións interdependentes, como o desenvolvemento e a valoración propia, a autonomía, a identidade ou a convivencia. Asemade, durante os primeiros anos aparecen diversos sentimentos e emocións, ao tempo que as nenas e os nenos conforman a súa propia imaxe e a autoestima, que serán a base do logro progresivo da autonomía.

COMPETENCIAS	CONTIDOS	MATERIAIS
<p>Competencia persoal, social e de aprender a aprender, Competencia cidadá, Competencia emprendedora</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Traballaremos a identificación e representación do corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes: facendo sinxelas descrições persoais e doutros , describindo diferenzas e semellanzas entre persoas ou logrando un esbozo da figura humana diferenciado intentando respectar a s súas proporcións. ● Seguiremos a traballar cos sentidos identificando percepcións e sensacións. ● Afondaremos na nosa imaxe positiva propia aceptando a nosa identidade: organizándonos de acordo coas nosas posibilidades , integrándonos en xogos de grupo, cooperando cos demais ou tendo iniciativa e intentando executala . ● Identificaremos e manifestaremos os propios sentimentos , vivencias , emocións traballando para comprender os das demais persoas e aprendendo a resolver positivamente os conflitos cotiás, regulando os nosos impulsos e emocións . ● Participaremos de moitos xogos , mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas, aceptando as normas que os rexen e aprendendo a participar cunha postura colaborativa. ● Traballaremos para aprender a resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida na aula , aprendendo a organizarnos nas actividades e planificando e coordinando a nosa acción coa dos/as compañeiros e compañeiras . ● Seguiremos a insistir na constancia nas nosas actividades ou traballos. ● Aumentaremos os nosos hábitos de saúde, hixiene e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais . 	<ul style="list-style-type: none"> ● Paneis de aula onde se especifican aspectos a traballar. ● Rutinas de aula (calendario, asistencia...) . ● A nosa libreta. ● Os contidos desta área trabállanse con calquera material da aula. ● Materiais elaborados pola titora. ● Fotos, textos e obxectos. ● Xogo simbólico. ● Cadro de responsabilidades e encargados do día, tarefas pendentes e organización do día. ● PDI .

DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

O propósito desta área é favorecer o proceso de descubrimento, comprensión, observación e exploración dos elementos físicos, naturais e sociais da contorna, concibida como un elemento provocador de emocións e sorpresas, tratando que, xunto co seu progresivo coñecemento, os nenos e nenas adopten e desenvolvan actitudes de respecto e valoración sobre a necesidade de coidar e protexer o medio.

COMPETENCIAS	CONTIDOS	MATERIAIS
Competencia matemática	<ul style="list-style-type: none"> ● Traballaremos a exploración dos obxectos e elementos da contorna para recoñecer os seus atributos e calidades. Así faremos comparacións, descricións, ordenacións , coleccións ... ● Continuaremos o noso traballo ao redor dos números e de todas as súas posibilidades. ● Dende situacións da vida cotiá faremos comparacións , representaremos cantidades , faremos asociacións, tomaremos medidas , faremos estimacións , contaremos , xogaremos cos números ... ● Achegaremos aos nenos/as a resolución de problemas sinxelos iniciándonos na procura de estratexias para resolvelas. ● Seguiremos a traballar as formas xeométricas en plano e con volume. ● Iniciarémonos no plano. Representando así o espazo a través de diferentes soportes (debuxos , fotografías , mapas ...) e introducindo a linguaxe axeitada. ● Continuaremos cos xogos de regras e xogos de mesa . ● Seguiremos achegando e desfrutando da nosa contorna. Traballaremos como fonte de interese e motivación para os nenos e nenas a nosa contorna coma unha fonte de aprendizaxe. Así faremos observacións , formularemos hipóteses, busca remos explicacións a fenómenos ● Introducirémonos na experimentación a través do método científico. ● Continuaremos a traballar o comportamento en pequeno grupo e en gran grupo, promovendo condutas e actitudes favorecedoras da convivencia positiva nas diferentes actividades : xogos de mesa , xogos grupais , nas asembleas , nos diferentes recantos . Así entre todos/as aprenderemos a esperar a nosa quenda e a respectar á dos demais , a chegar a acordos entre todos/as, a ver que o noso comportamento inflúe nos nosos/as compañeiros/as e no desenvolvemento das nosas actividades . 	<ul style="list-style-type: none"> ● Números en diferentes soportes (foam, magnéticos...). ● Elementos da contorna (pedras , paus de cores ...). ● Xogos de mesa (parchís , damas , barallas , dominós, bingos...) ● Xogos de clasificación, asociación: regretas, bloques lóxicos... ● Ensartables, apilables e encaixables. ● De precisión e medida : reloxo, cordas , metro, termómetros, xarras, balanzas lentes ... ● Materiais elaborados na aula para traballar numeración: táboas numéricas . ● Xogos de lóxica. ● Lupas. ● Obradoiros (follas de rexistro). ● Material manipulativo (tapóns, pompóns). ● Materiais de refugallo ● Láminas e libros de imaxes. ● Diario de aula con fotos. ● Libretas da aula. ● Cámara de fotos e tabletas .